Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

Pozo de Teixeira

Na aldea de Teixiera, concello de Baralla (Lugo), fálase da existencia dun pozo misterioso que atrae a xente e gando cando se achegan.

Unha vez tragou unha muller cando andaba na procura de pirixel polos arredores e doutra volta enguliu un boi cando pacía por alí.

Buscamos e preguntamos polo misterioso pozo nos tres lugares chamados Teixeira pertencentes ao concello de Baralla: Teixeira (Arroxo), Teixeira de Arriba e Teixeira de Abaixo (Penarrubia), pero ninguén tiña memoria, a non ser que este pozo sexa un burato húmido que hai en Teixeira (Arroxo), nun prado por enriba do río, no que unha vez caeu unha ovella e nunca máis se soubo dela.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte: http://www.concellodebaralla.org (Lendas recollidas da revista Folerpas editada polo CPI "*Luis Díaz Moreno"* de Baralla).